



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CORRELINGUA PARA O CORRELINGUA 2023 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, a alcaldesa Goretti Sanmartín Rey, en nome do Concello de Santiago de Compostela (NIF P15079000G, praza do Obradoiro, 1, 15705 Santiago de Compostela).

Da outra, o presidente da Asociación Cultural Correlingua, Xosé Anxo Terán Comesaña (NIF G70325683, avenida de Lugo, 2ª, entresollado A, 15702 Santiago de Compostela).

Ambos os dous recoñécese mutuamente a capacidade para asinar este acordo en virtude da súa representación.

MANIFESTAN

1. Que o Concello da Santiago de Compostela ten entre as súas competencias promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade en materia de cultura.
2. Que a Lei 3/1983 de normalización lingüística, no seu artigo 25, prevé que as corporacións locais fomenten a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras e que, ao abeiro disto, o Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo plans e programas de normalización lingüística, con accións directas ou en colaboración con outras entidades, destinados a promover o uso da lingua propia de Galicia.
3. Que a Asociación Cultural Correlingua é unha asociación sen fin de lucro, con personalidade xurídica propia, cuxos fins son propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar accións en prol dela, sensibiliza a sociedade da importancia da defensa da lingua e asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas, amenas e interdisciplinares.

4. Que o Concello de Santiago de Compostela entende que o programa Correlingua, organizado por esta asociación homónima, é de interese para os obxectivos culturais e de normalización da lingua galega que esta institución debe perseguir: diríxese a un dos sectores de poboación que os estudos sinalan como máis febles no mantemento e reprodución da lingua e que reiteradamente é considerado de atención prioritaria polos plans e directrices que emanan das diversas institucións implicadas no proceso de normalización da lingua; promove e crea contextos favorables ao uso da lingua en espazos e actividades de socialización da infancia e a mocidade; abrangue de xeito transversal diversas disciplinas académicas e artísticas, vinculando a escola e a vida cultural e social da contorna.

5. Que na sesión extraordinaria do 9 de marzo de 2023, o Pleno do Concello de Santiago aprobou un estado de gastos do capítulo IV do orzamento xeral para o exercicio 2023 que inclúe unha subvención de carácter nominativo a favor da Asociación Cultural Correlingua (G70325683) por un importe de 2.500 € e con cargo á aplicación 080 33402 4890001 para o programa “Correlingua en Compostela”, coa finalidade de promover o uso do galego como nexos de actividades culturais e de socialización que vinculan o ensino coa contorna social.

6. Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos e, consonte isto, as bases do orzamento municipal inclúen as normas xerais que as rexen e sinalan que o convenio é o instrumento para canalizar estas subvencións.

7. Que a Asociación Cultural Correlingua, non incorre en ningunha prohibición legal para recibir axudas públicas e que no momento da sinatura deste acordo cumpre coas esixencias de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións públicas tal como sinala a lexislación vixente e así o acredita mediante os correspondentes certificados que acompañan este documento.

Con base no anterior, as dúas partes acordan un convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. É vontade de ambas as entidades colaborar no desenvolvemento das actividades do Correlingua en Compostela na súa edición 2023, que se detallan no proxecto que formulou a entidade beneficiaria (presentado no rexistro municipal o 28 de abril co número 2023030133) e consta no expediente de aprobación deste convenio.

Segunda. Como promotora do proxecto, a Asociación Cultural Correlingua é a responsable de garantir a boa marcha de todas as accións incluídas neste acordo, tanto no que toca ao seu deseño como á xestión, desenvolvemento, difusión, seguridade ou cumprimento das normativas que lles poidan afectar.

Terceira. O Concello de Santiago realizará unha achega económica para as actividades previstas no Correlingua en Compostela 2023 por un importe máximo de 2.500 euros, previsto como subvención nominativa no orzamento xeral para este exercicio. Esta axuda outógase con cargo á aplicación 080/33402/4890001 do orzamento para o exercicio 2023 e será ingresada, logo da xustificación correspondente, na conta que a Asociación Cultural Correlingua ten ao seu nome na entidade Caixa Rural Galega co IBAN ES3530700035236089280322 e BIC BCOEESMM070.

Cuarta. O pagamento da axuda realizarase logo de que sexa aprobada a xustificación que presente a Asociación Correlingua e será compatible con outras subvencións sempre e cando contía total subvencionada non exceda do gasto efectivamente realizado.

Esta xustificación deberá conter:

- Unha memoria documentada na que se dea conta do desenvolvemento das actividades subvencionadas e se acredite que foron realizadas consonte o previsto neste acordo ou se xustifiquen os cambios acontecidos.
- Un informe sobre o estado de ingresos e gastos atribuíbles ao desenvolvemento total das actividades subvencionadas.
- Xustificación oficial dos gastos mediante a achega das facturas e recibos que correspondan, que deberán conter todos os datos da persoa perceptora, así como as correspondentes retencións ou

impostos. Poderanse presentar os orixinais ou fotocopias compulsadas e a xustificación realizarase polo importe total das actividades subvencionadas, non só pola contía da subvención.

De acordo coa normativa que rexe a convocatoria e subvencións, cómpre acreditar o pagamento de todos os gastos subvencionados, para o que se deberán presentar transferencias bancarias ou certificacións de pagamento emitidas por entidades bancarias (extractos ou asentos de movemento individualizados). Os pagos en efectivo só serán admitidos para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados mediante outra modalidade e sempre que non superen a contía de 600 €, tal como prevén as bases do orzamento municipal; acreditarase este pagamento mediante factura ou recibo asinado polo acredor no que se indique a data do aboamento e a expresión “recibín” ou outra análoga.

- Unha declaración asinada pola secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, na que se faga constar as contías das axudas asignadas ou recibidas doutras administracións públicas, ou entes públicos ou privados, para o mesmo fin.
- Unha certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social que acredite que a entidade está ao corrente nos pagamentos que lle correspondan.
- Unha certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Unha certificación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Unha certificación do Concello de Santiago de Compostela que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias con esta Administración ou unha autorización para que o propio Concello faga a comprobación.
- Unha certificación emitida pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- Unha declaración asinada pola secretaría da entidade co visto e prace da presidencia de que non se atopa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

Quinta. O Concello de Santiago figurará na publicidade e difusión das actividades subvencionadas como entidade colaboradora.

Sexta. A data límite para a xustificación do convenio é o 30 de setembro de 2023.

Sétima. Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido. Para o non previsto nel estarase ao establecido na normativa reguladora das subvencións nominativas do Concello de Santiago de Compostela, na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na demais normativa de dereito administrativo, así como normas de dereito privado de carácter supletorio que lle sexan de aplicación. As dúbidas que se presenten na interpretación, execución e solución de controversias, en caso de haber discrepancias, serán resoltas por unha comisión mixta integrada por representantes das dúas institucións designados para o efecto.

Oitava. O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia. As posíbeis controversias someteranse previamente á interpretación conxunta da Alcaldía do Concello de Santiago e da representación da Asociación Cultural Correlingua.

Novena. Toda a comunicación, oral ou escrita, que se derive deste convenio, dirixida a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, atención directa etc., así como o obxecto mesmo da contratación, realizaranse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

Décima. Este convenio rexe durante o ano 2023 e, polo tanto, entenderanse abeiradas por el as actividades incluídas no seu obxecto e realizadas desde o 1 de xaneiro ata a data de xustificación.

En proba de conformidade cos seus termos, asinan este acordo.

Polo Concello de Santiago

Pola Asociación Cultural Correlingua